

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Corrección de erros.-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 20, do 29 de xaneiro de 2009, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 1.920, no punto II da parte expositiva, onde di: «O regulamento estrutúrase en seis títulos en que teñen cabida 87 artigos, catro disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.», debe dicir «O regulamento estrutúrase en seis títulos en que teñen cabida 87 artigos e catro disposicións adicionais.»

Na páxina 1.921, no índice, Título I, capítulo I, no artigo 17, onde di: «Comunicación á Unión Europea de proxectos de establecemento, concesión ou modificación dunha subvención.», debe dicir: «Notificación e comunicación á Unión Europea de proxectos de establecemento, concesión ou modificación dunha subvención.»

Na páxina 1.925, no artigo 4.2º, na letra f), onde di: «Réxime de pagamentos, se é o caso, garantías.», debe dicir: «Réxime de pagamentos e, se é o caso, garantías.»

Na páxina 1.927, no artigo 12º, onde di: «Lei 28/2003, do 17 de novembro», debe dicir «Lei 38/2003, do 17 de novembro»

Na páxina 1.930, no artigo 26º.4, onde di: «Cando, na resolución de concesión dunha subvención plurianual, se previse expresamente na normativa reguladora a posibilidade de efectuar pagamentos á conta, sinalarase a distribución por anualidades da contía atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada.», debe dicir «Cando se previse expresamente na normativa reguladora a posibilidade de efectuar pagamentos á conta, na resolución de concesión dunha subvención plurianual sinalarase a distribución por anualidades da contía atendendo ao ritmo de execución da acción subvencionada.»

Na páxina 1.932, no artigo 34º.2, onde di: «artigo 33.6º» debe dicir «artigo 33.7º»

Na páxina 1.932, no artigo 35º.1, onde di: «artigo 14 m) da Lei de subvencións de Galicia», debe dicir «artigo 14.1º.m) da Lei de subvencións de Galicia»

Na páxina 1.937, no artigo 50º.4, onde di: «na letra f) do artigo 12.1º da Lei de subvencións de Galicia», debe dicir «na letra f) do artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia»

Na páxina 1.939, no artigo 59º.1, onde di: «o establecido no punto l) do artigo 14.1º da Lei subven-

cións de Galicia», debe dicir «o establecido no punto m) do artigo 14.1º da Lei de subvencións de Galicia»

Na páxina 1.941, o artigo 65º.4, letra b), onde di: «As entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia as que se refiren os puntos 2 e 3 do artículo 1º deste regulamento», debe dicir: «As entidades vinculadas ou dependentes directa ou indirectamente da Comunidade Autónoma de Galicia.»

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.30º faculta a Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais. A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, no seu título I, define con carácter xeral os espazos naturais que deben ser considerados merecedores dunha protección especial, regulando o seu procedemento de declaración, e dispón un réxime xeral de protección e prevendo a posibilidade de establecer réximes de protección preventiva. Entre as oito categorías de espazos naturais protexidos que establece a Lei 9/2001, do 21 de agosto, prevese a figura de parque natural.

No ano 1993 declarábase o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés, mediante o Decreto 29/1993, do 11 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 35, do 22 de febreiro), aprobándose o seu Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN), de acordo ao Decreto 32/1993, do 11 de febreiro (*Diario Oficial de Galicia* nº 37, do 24 de febreiro). Este parque natural abrangúa unha superficie de 20.920 ha, repartidas entre os concellos de Entrimo, Lobios e Muíños. Con posterioridade, no ano 1998 aprobábase o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do espazo, conforme ao disposto no Decreto 155/1998, do 28 de maio (*Diario Oficial de Galicia* nº 107, do 5 de xuño).

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, mantén como instrumentos básicos do planeamento dos recursos naturais aos plans de ordenación dos recursos naturais (PORN). Estes documentos perfílanse como o instrumento específico das comunidades autónomas para a delimitación, tipificación, integración en rede e determinación da relación dos espazos naturais co resto do territorio, dos sistemas